

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

#### CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL

16

Núm. 088 - mércores, 18 de abril de 2018

BOP de Lugo

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de abril de 2018 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días naturais dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax o por outro medio a este Concello.

As bases poden ser consultadas na web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, a 16 de abril de 2018.- O ALCALDE, José Tomé Roca

R. 1026

## A PONTENOVA

### Anuncio

#### LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MUSICA DE MARZO 2018.

Por Resolución de alcaldía de data nove de abril de 2018 resólvese prestar aprobación da devandita listaxe; que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas, durante prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 4 de maio de 2018 ao 4 de xullo de 2018**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 4 de maio de 2018 ao 4 de xullo de 2018**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a dez de abril de dous mil dezaioito.

A Pontenova, 10 de abril de 2018.- O alcalde, Darío Campos Conde

R. 1011

## RIBAS DE SIL

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 10.04.2018 aprobouse a Resolución cuxa parte dispositiva transcríbese literalmente:

"Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite